

VIERNES, 30 de noviembre de 2007

REPORTAJE: LUCES

## *No país dos contos*

Yolanda Castaño e Marilar Aleixandre ao prezo de un euro

---

EL PAÍS | 30 NOV 2007

**Archivado en:** [Literatura juvenil](#) [Coleccionables](#) [Comunicación](#) [Literatura infantil](#) [Prensa](#) [Literatura](#) [Medios comunicación](#) [Cultura](#)

---

A colección *No país dos contos*, unha iniciativa da edición galega de EL PAÍS e da editorial Galaxia, ofrece hoxe un novo libro para nenos. Ao prezo de un euro, nos quioscos poderá mercarse conxuntamente co xornal o relato *Quen son?*, de Alicia Borrás, con ilustracións do debuxante Andrés Meixide.

Os vindeiros luns e mércores, ao mesmo prezo, ofreceranse outros dous títulos. O primeiro deles é un dos libros en galego máis vendidos nos últimos meses, *Punver*, un relato sobre un verme punk froito dunha incursión na literatura para nenos da poeta Yolanda Castaño. O volume, en tapas duras como todos os 22 que integran a colección, está ilustrado por Eduardo Hermida. O relato á venda o mércores será *Herbalúa*, dunha das autoras galegas máis galardoadaas pola súas obras infantís, Marilar Aleixandre, con debuxos de Enjamio.